

POESIA GALEGA

FALA LUZ POZO



Na colección de poesía Nordés, publícase un libro de poemas de Luz Pozo Garza, «Verbas derradeiras». Ao texto galego acompaña un texto en castelán, sin que se nos diga cal é o orixinal, o «de fondo». Sabemos que «Verbas derradeiras» xa estaba escrito en 1972, e que a autora non quixo publicalo deica agora. Trátase dun texto esencial no conxunto da obra poética de Luz Pozo Garza, e hai que coincidir co prologuista Tomás Barros en que se trata «dunha pequena obra mestre, xurdida dunha absoluta e radical necesidade de expresión, tan significativamente estimable polos valores líricos, incuestionables que detecta coma polo logro deses

outros valores formáes que tan singularmente caracterizan estes poemas». Compre decir, tamén si, que se trata duns poemas aparentemente moi sinxelos, un decir calmo, un falar sereo, pro que en verdade son moi complexos, cunha carga emocional sorprendente. En cando se chega á derradeira parte do pequeno libro, ao poema «a convida», o lector xa vai o suficientemente adestrado polo poeta pra poder recibir a visita da morte, ou si querés millor, a necesidade da morte. Os poemas son coma unha longa preparación espiritual pra que a sombra, cando amence «xunto á morna almofada», non asombre. Pra Rosalía era «sombra que sempre se asombras». Pra Luz Pozo Garza é «sombra que non me asombras/xunto á morna almofada/ adormecendo/abro os ollos/e ren/mais ti ficas eiqui/ouh mifa amiga/podes bicarme na meixela/son coma unha nena»... Non hai nin unha verba de sobre cando o poeta nos asegura que xa non pode regresar, e cun sosego estremecedor asiste á «serea lentitude da porta/que se despecha coma un sopro». Ao fin, o áer deshabitado e un pouco de música...

Estamos diante dun libro moi importante, cuílos poemas son a alma mesma da autora, un fadigado e vivísimo soñarse a alma, e os camiños e os espellos, e as fuxidas, coma de cerva de cantiga antiga, e os desexos e a ausencia. Un alma vai buscando padecer e curarse, a un tempo. En estas derradeiras verbas, non sobra ningunha, están as xustas verbas pra decir como se vai vivindo deica que chega a morte «unha gasa/de seda/tan soave». Un libro, este de Luz Pozo Garza, que pon amargue a boca. Un dos máis fermosos, humanos, fondos, e si querés desesperados, libros de poesía galega dos derradeiros tempos.